

Sociedade

El Sueño Húmedo, unha nova expresión da hostalería no Barco

Un espazo diferente

O SIL/REDACCIÓN

A elegancia, decoración e orixinalidade no seu deseño reflíctese tamén na súa oferta de produtos. “El Sueño Húmedo” aposta por unha faciana da hostalería ata o de agora inexistente en Valdeorras. Situado na céntrica praza barquense de José Otero, este “lounge & bar” vén de inaugurarse a finais de decembro. “Queríamos montar algo diferente, unha cousa intermedia entre un bar e un pub, para tomar algo e pinchar e ademais dar un golpe de calidade á hostalería en Valdeorras e nun local montado con moito deseño”, asegura Diego Prieto Pomí, un dos membros da sociedade Nosguloscu, S.L., propietaria ademais do Galileo.

A diario e a partires das seis da tarde, “El Sueño Húmedo” é un lugar diferente onde se pode desfrutar dunha carta de viños que inclúe dende caldos galegos (como mencias e godellos de Valdeorras ou albariño de Rías Baixas), ata os tintos de Ribera de Duero e Rioja, ou os brancos do Penedés, ademais de viños de

importación franceses, australianos ou mesmo húngaros.

Este establecemento marca tamén a diferenza coa súa carta de champáns (dende cavas ata espumosos franceses). A orixinalidade e o estilo deste local tradúcese tamén no ambiente musical, cun pinchadiscos todas as tardes e na súa proposta gastronómica. Cada consumición acompañaese duns aperitivos cunha presentación sofisticada e moi elaborados, como poden ser o queixo de cabra con noz e figos ou salpicón de marisco. “Para a carta de cocteis e algún aperitivo conseguimos uns sifóns que inventou Ferrán Adriá, un dos cales é para facer espuma. Isto resulta moi vistoso, e en case todos os pinchos a utilizamos”, comenta Diego Prieto. Unha proposta culinaria que se completa asemade cunha exquisita carta de postres.


Para os afeccionados ás infusións este establecemento barquense desprega unha ampla e orixinal gama de opcións nunha carta de ata 29 infusións. Ademais das clásicas, hai tamén té de Ceylán laranxa, *escaramu* -



“El Sueño Húmedo” abriu as súas portas a finais de decembro. Está situado na céntrica praza José Otero do Barco.



Os baños son unha das zonas máis coidadas e singulares do local.



Detalle do exterior deste orixinal establecemento de hostalería barquense.

jo, regaliz, Ceylán descafeinado, etc. E outra nota distintiva é a súa carta de augas, que permite descubrir o sabor de augas nacionais, pero tamén das procedentes de lugares como Gales ou Australia, a prezos asequibles.

O ambiente deste establecemento está tamén condicionado por un deseño que racha co convencional, obra do decorador barquense Iván F. Cotado e realizado pola empresa Valdeconsa. O dourado, polo seu toque de elegancia, e o negro son os tonos principais cos que se xoga na decoración, buscando o contraste entre ambos. “Tratábase de ofrecer algo distinto ó que había ata o de agora no Barco e recurriuse á última tecnoloxía e a materiais de importación que se empregan, por exemplo, na iluminación e na pantalla holográfica, transparente e con imaxe por ambos lados. Tamén hai acabados moi novos, xa que non todo o mundo está disposto a facer unha inversión deste tipo”, comenta Iván F. Cotado. Outra nota distintiva son os baños, acordos coa aposta polo deseño do resto do local. Neles destacan os secamans, cunha pantalla incorporada que se activa cada vez que entra alguén e na que se proxecta un vídeo sobre a historia do establecemento.

Emplata, establecemento especializado en pratería recién aberto no Barco

Tendencias modernas e clásicas de xoiería, en prata



Interior de “Emplata”, un novo establecemento comercial situado na rúa Doutor Pérez Lista do Barco.

O SIL/REDACCIÓN

Ofrece un mundo de posibilidades en xoiería en prata e obxectos de regalo. Emplata, é unha franquicia cun novidoso concepto da pratería especializada, que abriu as súas portas a finais de decembro en Valdeorras e, en concreto, na vila barquense. Este novidoso establecemento comercial achega un numeroso abano de artigos nos que se mesturan os deseños clásicos e as tendencias máis novidosas tratando de cubrir a demanda de

tudo tipo de clientes.

Dende anéis, colgantes ou pendentes ata todo tipo de obxectos de cerámica ou mesmo cubertería. Esta pratería, que está situada na rúa Doutor Pérez Lista, facendo esquina con Academia Dequidt, ofrece todo tipo de propostas para regalos de cumpreanos, de aniversario, vodas, comunións ou mesmo para datas sinaladas como o Nadal, ou as do Día da Nai ou do Pai. Tantas posibilidades como a imaxinación permite para os amantes da xoiería en prata e nun local acolledor, ubicado ademais nunha das rúas máis céntricas do Barco, moi preto do Paseo do Malecón.